



MEMORIA DA ACTIVIDADE

**DESENVOLVIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE
AXUDAS PARA ORGANIZAR OBRADOIROS DE
EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NO 1º CUADRIMESTRE
DO CURSO 2025/26 DA UNIVERSIDADE DE VIGO
(CAMPUS DE PONTEVEDRA)**

OBRADOIRO: TERRAS SIGILLATAS

Datas e horarios:

Xoves 30 de outubro de 2025, de 16:30 a 20:00h
Xoves 6, 13 e 20 e 27 de novembro de 2025, de 16:30 a 20:00h
Xoves 4 e 11* de decembro de 2025, de 16:30 a 20:00h
Xoves 19* de decembro de 2025, de 10:00 a 13:30h.

Número de asistentes:

10

Coordinación da actividade:

M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Profesora Axudante Doutor no Departamento de Escultura (Facultade de Belas Artes de Pontevedra)

Docentes:

M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes
Teresa Pece Montenegro
Carlos San Claudio

Lugar:

Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Espazo 04, patio interior e obradoiro de cerámica)

Descrición e obxectivos:

O obradoiro foi proposto coma unha aproximación á técnica das *terras sigillatas*, co fin de explorar e desenvolver as súas capacidades expresivas. Os obxectivos desta actividade procuraban aproximarse ao coñecemento das *terras sigillatas*, as súas características e a súa aplicación, partindo de plantexamentos prácticos e experimentais.

Desenvolvemento da actividade:

O obradoiro desenvolveuse inicialmente segundo o previsto no cronograma, pero, debido aos condicionamentos da propia técnica e ás condicións meteorolóxicas, foi necesario engadir dúas sesións ao curso e adiar a última actividade, que se realizaba ao aire libre.

A primeira sesión destinouse á presentación dos contidos do obradoiro e ás explicacións previas do mesmo. Ademais, as e os participantes construíron pezas en arxila para soporte. A segunda e terceira sesións, dirixidas por Carlos San Claudio, consistiron en explicacións teóricas e técnicas sobre as *terras sigillatas*, acompañadas de prácticas experimentais: decantación de distintas mostras de terras, preparación das pezas e tratamento das superficies.

Na cuarta sesión continuouse coa preparación das pezas (pulido e bruñido) para a posterior aplicación das terras decantadas e a a súa cocción no forno eléctrico. Neste caso, foi necesario engadir unha quinta sesión que non estaba prevista para o acabamento das pezas. As seguintes sesións (sexta e sétima), destináronse á realización de novas pezas para a súa cocción a gas nun bidón que xa se encontraba preparado na facultade de Belas Artes. Para esta derradeira sesión (adiada debido á climatoloxía), realizouse xunto con Carlos San Claudio unha práctica de *Raku* coas pezas de *terra sigillata*, onde se practicou a aplicación de acabamentos con pistola, que amosaron diferentes aspectos finais nas pezas.





